

SUPOSTO 1.- No Concello de Vigo pretende licitar a redacción do proxecto de obras de humanización da Rúa Emilia Pardo Bazón. O orzamento total dos traballos a realizar ascende a 72.874,49 euros (IVE de 12.647,64 euros). Unha vez realizado o proxecto, o importe das obras de humanización ascende a 2.890.688,26 euros (IVE incluído)

Responda ás seguintes preguntas indicando a normativa de aplicación:

1º.- Describa o contido do expediente de contratación (0,5 puntos)

2º.- É necesaria a realización dos criterios de xuízo de valor por un comité de expertos no presente suposto, ¿en que casos é necesario? (1 punto)

3º.- Indique as principais cuestións que debe conter o PCAP do contrato descrito (0,5 puntos)

4º.- Elabore informe-proposta de aprobación do expediente de contratación ao órgano de contratación. No mesmo deberá recoller fundamentos técnicos e xurídicos e proposta de acordo (1,5 puntos)

5º.- No caso de que o valor estimado dos traballos fose de 12.000 euros, ¿podería tramitarse mediante un contrato menor a favor de Arquitectura Vigo S.L.U., tendo en conta que a mesma contratista executou para o Concello de Vigo mediante contrato menor da redacción do proxecto de cuberta dunha instalación deportiva municipal por un importe de 8.000 euros?

Indique todos os informes e documentación necesaria en un expediente de contratación como o descrito. Elabore informe-proposta dirixido ao órgano de contratación (1,5 puntos)

6º.- A citada vía pública é titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra. Ambas administracións teñen intención de firmar un convenio para a cesión da mesma ao Concello de Vigo. Indique brevemente os trámites necesarios para proceder á sinatura do citado convenio e para a cesión da vía (0,5 puntos).

7º.- Unha vez entregados á administración os traballos indique o procedemento a seguir para a aprobación do citado proxecto e a documentación que debe conter o citado expediente. Elabore informe-proposta de aprobación do proxecto (1 punto)

SUPOSTO 2.- Debatido no Pleno do Concello de Vigo de Vilar de Campos, con 1.550 habitantes, os orzamentos para o exercicio 2019, os memos non obtiveron a maioría necesaria para a súa aprobación.

1º.- Indique con que opcións conta o grupo de goberno para aprobar os citados orzamentos (1,5 puntos)

2º.- En caso de iniciado ao exercizo 2019 sin entrar en vigor o novo orzamento indique o procedemento e axustes necesarios para prorrogar o orzamento do ano 2018 (1 punto)

3º.- Inicado o exercicio do ano 2019 considérase insuficiente o importe da aplicación 1531.131.00.00 para afrontar os gastos necesarios durante o mesmo. Indique os mecanismos orzamentarios para dotar de maior crédito a mesma (1 punto)